

Casaseca Hernández, Salustiano (2004): El aprendizaje cooperativo de la comprensión lectora. Aljibe

Esta obra editada por Aljibe preséntanos un material de traballo para a aula que nos parece moi práctico en relación co tema que nos ocupa. É unha obra de 123 páxinas que se compón dunha selección de dezasete textos seleccionados de diferentes autores, entre eles: María Gripe, Roald Dahl, Janosch, Fernando Alonso, Elvira Lindo...).

Con cada un dos textos, Casaseca fai unhas proposta de comprensión lectora para traballar na aula co grupo clase. As propostas están pensadas especialmente para alumnado de 5º e 6º de educación primaria.

En palabras do autor, os compoñentes da comprensión lectora que pretende traballar son:

- a) **Comprensión literal:** Encontrar a idea principal, distinguir entre información importante e secundaria, encontrar os múltiples sentidos que poden ter as palabras...
- b) **Reorganización da información:** Aquí estanse a traballar as habilidades de esquematizar, resumir, sintetizar ideas, clasificar datos, dividir un texto en partes, poñer títulos que se refiren ao sentido dun texto...
- c) **Comprensión inferencial:** Trátase de interpretar o que di o texto partindo do que se saba coa finalidade de extraer conclusións persoais. Deste xeito o lector pode predicir resultados, valorar que secuencias son lóxicas e cales non, deducir o sentido de certas expresión polo contexto, construír un final diferente en cada historia...
- d) **Comprensión crítica:** Isto supón formar xuízos propios, subxectivos e expresar opinións que se poidan discutir. Un bo lector pode, neste nivel, xulgar o contido do texto desde un punto de vista persoal,

manifestar reaccións persoais que producen determinados textos,
comparar a súa opinión coa do autor...